

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A fracción de hemoglobina denominada glicosilada ou glicada (HbA1c) reflicte:

- A) A capacidade de transporte de osíxeno pola hemoglobina circulante.
- B) As cifras de hiperglucemia máxima do día.
- C) A hemoglobina basal do paciente.
- D) A cifra de glucemia media no trimestre anterior á proba.

2. No dó, para conseguir a adaptación a unha perda inminente, cal das seguintes non será unha boa intervención do persoal de enfermaría?:

- A) Dar esperanza.
- B) Quitar importancia á perda.
- C) Escoita activa.
- D) Aumentar o afrontamento.

3. As desigualdades sociais nas etapas iniciais da vida se asocian a factores como:

- A) O acceso a recursos materiais.
- B) As condicións de vida e a contorna.
- C) Falta de acceso á escolarización precoz ou á detección precoz de problemas de desenvolvemento.
- D) Todas son correctas.

4. En relación á escala CRIES da dor no neonato, sinala a resposta correcta:

- A) Choro intenso non controlable 2 PUNTOS.
- B) Esperta moi frecuentemente 1 PUNTO.
- C) Cara descansada e expresión neutra 1 PUNTO.
- D) Aumento do 20% a F.C. basal 0 PUNTOS.

5. Dos factores que poden aumentar o risco dunha persoa a ter unha conduta abusiva, indique cal é falso:

- A) Antecedentes de ser abusado ou abandonado de neno.
- B) Enfermidade física ou mental, por exemplo, depresión ou trastorno por estrés postraumático.
- C) Dificultades económicas, desemprego ou pobreza.
- D) Un coidador sensible e atento ás demandas do neno.

6. Actuar sempre en beneficio do paciente, con que principio da Bioética se corresponde?:

- A) Non maleficencia.
- B) Beneficencia.
- C) Autonomía.
- D) Xustiza.

7. Que vacinas de virus vivos están incluídas no calendario infantil da comunidade galega?

- A) Trivírica, Varicela e Rotavirus para grupos de risco.
- B) Hepatite B e Trivírica.
- C) Trivírica, Varicela e Virus Papiloma Humano.
- D) Trivírica e Varicela.

8. Cal sería a tríade característica da "Síndrome de WEST"?

- A) Espasmos epilépticos, patrón EEG de hipsarritmia e retardo do desenvolvemento psicomotor.
- B) Espasmos epilépticos por febre, epilepsia e EEG normal.
- C) Espasmos epilépticos, meninxite e febre.
- D) Espasmos epilépticos, EEG normal y meninxite.

9. Respecto aos síntomas de shock anafiláctico leve, sinala a resposta incorrecta:

- A) Bradicardia.
- B) Urticaria e prurito.
- C) Náuseas.
- D) Anxioedema e opresión torácica.

10. Con respecto ao refluxo vesicoureteral, sinala a resposta incorrecta:

- A) É o paso retrógrado non fisiolóxico da urina desde a vexiga cara ao uréter.
- B) O refluxo primario clasifícase en catro graos.
- C) O diagnóstico realízase mediante cistografía (CUMS).
- D) A TA, bioquímica en plasma e bioquímica en urina de 24 horas ou en mostra illada para cálculo de cocientes urinarios, permite establecer o grao de afectación funcional e a súa progresión.

11. A lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias recolle que a formación especializada dos profesionais sanitarios é:

- A) Regrada e de carácter oficial.
- B) Non regrada e de carácter oficial.
- C) Regrada e de carácter privado ou oficial.
- D) Non regrada e de carácter privado ou oficial.

12. En relación ao paciente ingresado na UCI Pediátrica que necesita un transplante hepático. Sinala a resposta correcta:

- A) A familia pedirá a alta voluntaria para o seu traslado a outro centro.
- B) Realizarase a xestión por parte do centro onde permanece ingresado co hospital de referencia para ese tipo de intervención.
- C) O persoal sanitario derivará á familia á administración sanitaria para que realicen a solicitude de traslado.
- D) Como nese hospital non se realizan ese tipo de intervencións esperárase para ver a evolución do paciente.

13. Indique que técnica utilizada na entrevista facilita que o paciente se exprese con liberdade.

- A) Baixa reactividade.
- B) Actitude antagónica.
- C) Preguntas concretas e pechadas.
- D) Evitar silencios funcionais.

14. Cal dos seguintes alimentos é tolerado na enfermidade celíaca?:

- A) Trigo.
- B) Avea.
- C) Centeo.
- D) Arroz.

15. Con que enfermidade infecto-contaxiosa da infancia se relacionan as manchas de Koplik?:

- A) Parotidite.
- B) Escarlatina.
- C) Xarampón.
- D) Varicela.

16. A manobra de Adams efectúase para valorar:

- A) Pé plano valgo.
- B) Genu varo patolóxico.
- C) Genu valgo fisiolóxico.
- D) Escoliose.

17. A Carta Europea dos Dereitos do Neno recoñece a todos os nenos:

- A) O dereito á vida, e no caso de que os seus pais ou persoas encargadas del non poidan asegurar a súa supervivencia e desenvolvemento serán os Estados os que teñen que garantir a súa protección e cuidados.
- B) O dereito a gozar duns pais ou no seu defecto persoas que os substitúan, tendo responsabilidade conxunta no seu desenvolvemento e educación.
- C) O dereito a ser protexido contra toda forma de escravitude, de violencia ou de explotación sexual.
- D) Todas son correctas.

18. O paciente prematuro extremo, a que idade xestacional correspondería?:

- A) Maior de 32 semanas de xestación.
- B) Entre 28 e 32 semanas de xestación.
- C) Menor de 26 semanas de xestación.
- D) Entre 26 e 30 semanas de xestación.

19. A perda auditiva, en que tipo de discapacidade se inclúe?

- A) Física ou motora.
- B) Psicosocial.
- C) Mental.
- D) Sensorial.

20. Cal das seguintes afirmacións sobre os principais riscos para a saúde é incorrecta?:

- A) O aumento do consumo de tabaco é debido á relación de consumo- liberdade.
- B) Entre os 17 e os 18 anos hai un aumento de consumidores excesivo de sustancias nocivas para a saúde.
- C) O maior aumento de bebedores habituais prodúcese entre os 14 e os 15 anos.
- D) O inicio de consumo de alcohol e tabaco prodúcese contorna aos 12 – 14 anos, empezando polo consumo de tabaco.

21. Con respecto ao uso de desfibriladores en RCP pediátrica, sinala a opción correcta:

- A) O uso de palas ou parches de adulto é seguro en nenos de oito ou máis anos de idade ou vintecinco kilos de peso.
- B) Non se usa en nenos.
- C) A descarga será sempre de 100 xulios.
- D) A e C son correctas.

22. Cal dos seguintes é un axente da Educación para a saúde en pediatría?

- A) Os servizos de saúde.
- B) A familia.
- C) A escola.
- D) Todas son correctas.

23. Dentro dos factores persoais involucrados nos efectos psicolóxicos da hospitalización infantil están:

- A) Idade e desenvolvemento biopsicosocial, natureza e gravidade da enfermidade, temperamento e características persoais.
- B) Duración da estancia hospitalaria, características e organización do hospital.
- C) Estrés parental.
- D) Ningunha das anteriores.

24. Segundo o Real Decreto 1030/2006, a carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde terá que cumprir uns criterios. Sinale a resposta correcta:

- A) A carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde dinos que os cidadáns só poderán recibir atención sanitaria na comunidade autónoma na que residan.
- B) É o conxunto de técnicas, tecnoloxías ou procedementos que están establecidos na comunidade autónoma.
- C) Mediante un acordo previo ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde define as prestacións que o sistema sanitario público oferta aos cidadáns e garante estas prestacións comúns.
- D) Os usuarios do Sistema Nacional de Saúde terán acceso á carteira de servizos comúns dependendo do lugar do territorio nacional no que se atopen nese momento.

25. No control de saúde dos 9 meses, que tema non incluíriamos dentro da educación para a saúde?

- A) Prevención de accidentes: caídas, tóxicos, andadores...
- B) Introducción de novos alimentos.
- C) Vacinación.
- D) Control de esfínteres.

26. Segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estadística (IGE) dos últimos dez anos, sinale a resposta errónea:

- A) A esperanza de vida aumentou.
- B) A mortalidade infantil diminuíu.
- C) As causas de morbilidade máis frecuentes, entre o primeiro ano de vida e os 14 anos, son as anomalías conxénitas e as enfermidades infecciosas do sistema respiratorio.
- D) A base da pirámide de poboación aumentou.

27. Que factor dos seguintes intervéñ negativamente nunha adecuada hixiene de mans?:

- A) Falta de coñecemento do persoal.
- B) Falta de equipo accesible.
- C) Ratio enfermeira-paciente alto.
- D) Todas son correctas.

28. En nenos sans sen risco aumentado de regurxitación/broncoaspiración considérase seguro un xaxún preoperatorio de:

- A) 2 horas para líquidos claros, 4 horas para leite materno e 6 horas para sólidos, leite de fórmula e leite non humano.
- B) 4 horas para líquidos claros, 8 horas para leite materno e 10 horas para sólidos, leite de fórmula e leite non humano.
- C) En nenos non se realiza xaxún preoperatorio.
- D) Todas son falsas.

29. Con respecto ás características da atención en enfermidades crónicas, sinala a incorrecta:

- A) O obxectivo é proporcionar unha atención accesible, continua e coordinada centrada no neno e a súa familia.
- B) A medida de calidade de vida non incorpora o punto de vista do paciente.
- C) Os nenos e os pais deben recibir información apropiada para participar activamente na toma de decisións.
- D) Os profesionais tanto de atención especializada como de primaria son claves no apoio emocional.

30. Segundo o peso ao nacemento, sinala a resposta incorrecta:

- A) Macrosómico, maior de 4000 gr.
- B) Baixo peso ao nacemento, menor de 2500 gr.
- C) Crecemento intrauterino retardado, menor de 2000 gr.
- D) Moi baixo peso ao nacemento, menor de 1500 gr.

31. Cales son as funcións de Enfermaría en Atención Especializada en canto ao "Programa Galego para a detección precoz de Enfermidades Endócrino- Metabólicas"?

- A) Informar a pais/nais/titores/titoras sobre o programa e sobre a posibilidade da realización da toma de mostras nos centros de atención primaria.
- B) Ofertar la realización de la prueba del cribado.
- C) A e B son correctas.
- D) A e B son incorrectas.

32. Sinala que tipo de deshidratación corresponde ás seguintes características: Na sérico inferior a 130 meq/l, perda de líquido extracelular e electrólitos, perdas de Na maiores que as de auga e pódese desenvolver en nenos con trastornos crónicos nos que hai perda de sal.

- A) Deshidratación hipotónica.
- B) Deshidratación isotónica.
- C) Deshidratación hipertónica.
- D) Ningunha das anteriores é correcta. É unha situación fisiolóxica.

33. Indique en cal dos seguintes supostos non está contraindicada a quimioterapia:

- A) O paciente non sobrevivirá o tempo necesario para obter unha resposta terapéutica á medicación.
- B) O paciente presenta unha enfermidade infecciosa.
- C) Cando a toxicidade dos fármacos fose demostrada en tratamentos previos.
- D) Cando o paciente requira un tratamento paliativo.

34. Das seguintes características da investigación cuantitativa. Sinale a incorrecta:

- A) É un procedemento que busca cuantificar datos.
- B) Intenta aplicar algunha forma de análise estatística.
- C) Emprega magnitudes numéricas que poden ser tratadas mediante ferramentas do campo da estatística.
- D) Utilízase principalmente en ciencias sociais.

35. Marque a correcta en canto á absorción gastrointestinal de fármacos no recentemente nado:

- A) Os recentemente nados, con independencia da súa idade xestacional, presentan inmadurez biliar con escasa secreción de ácidos biliares, o que pode diminuír a absorción de fármacos liposolubles.
- B) Os recentemente nados, con independencia da súa idade xestacional, teñen unha deficiencia de enzimas pancreáticas necesarias para hidrolizar algúns fármacos, causando absorción irregular e incompleta dos mesmos.
- C) A e B son correctas.
- D) A e B son incorrectas.

36. Que deseño utilizaremos se desexamos realizar o estudo dunha enfermidade "rara"?

- A) Ensaio clínico aleatorizado.
- B) Estudio de prevalencia.
- C) Estudio de casos e controis.
- D) Estudio de cohortes.

37. Sinale a correcta en canto á inmunoterapia alérxeno-específica:

- A) A inmunoterapia específica con alérxenos é o tratamento etiolóxico (específico) capaz de controlar determinadas enfermidades alérxicas. É o único tratamento que pode alterar o curso das enfermidades alérxicas.
- B) Non se emprega a inmunoterapia específica en menores de 12 anos.
- C) A inmunoterapia específica non é un bo tratamento porque é moi longo no tempo (3-4 anos).
- D) A e B son correctas.

38. Con respecto aos factores implicados na etiopatoxenia da obesidade, sinale a incorrecta:

- A) Factor protector: lactación materna exclusiva ata os 6 meses.
- B) Factor non protector: abandono da actividade en adolescentes.
- C) Factor protector: uso de alimentos precociñados.
- D) Factor protector: patrón familiar activo.

39. Con respecto ao almacenamento das vacinas, sinale a correcta:

- A) Na porta do frigorífico colocaranse as vacinas orais.
- B) As vacinas caducadas situaranse na parte inferior.
- C) A Trívirica, o Pneumococo conxugado e a Varicela colocaranse na parte máis fría.
- D) As vacinas de virus vivos colocaranse na parte máis fría da neveira.

40. Marque a resposta correcta respecto do Sistema Xeral de Notificacións de Enfermidades (SXNE) de declaración obrigatoria:

- A) Hai dúas listas diferentes de enfermidades de declaración obrigatoria, unha para facultativos con exercicio profesional na Atención Primaria e outra para os que o teñen en Atención Especializada.
- B) Calquera facultativo pode declarar unha enfermidade de declaración obrigatoria.
- C) A Enfermaría Especializada de Pediatría pode declarar enfermidades exantemáticas.
- D) A e B son correctas.

41. Elix a unha característica que non é definitiva de asma:

- A) Proceso inflamatorio da vía aérea por hiperreactividade bronquial.
- B) Episodios recorrentes de broncoespasmo con clínica de sibilantes, tose e dificultade respiratoria.
- C) Os factores de risco son predisposición xenética, factores ambientais e factores desencadeadores.
- D) Máxima incidencia aos 6 meses de idade e cadro de obstrución de bronquíolos por un aumento de secrecións.

42. Nun paciente postcirúrxico de 3 anos, que escala de valoración da dor utilizarías?:

- A) A escala do «LLANTO».
- B) A escala DSVNI.
- C) A escala de AMIEL-TISON.
- D) A escala CHIPPS.

43. Indique a dose potencialmente letal de etanol en nenos:

- A) 3g/kg.
- B) 6g/kg.
- C) 4g/kg.
- D) 10g/kg.

44. Dentro do diagnóstico de enfermaría "risco de alteración parental", cal sería un Criterio de Resultado?.

- A) Falta de atención ás necesidades do neno ou nena.
- B) Condutas de coidados inadecuados.
- C) Axudar a identificar factores de risco.
- D) O/a neno/a manterá un desenvolvemento psicomotor e físico adecuado.

45. O programa do Sergas de prevención de consumo de drogas no ámbito educativo ten unhas actividades de apoio para a súa implementación. Ao respecto, sinale a resposta correcta:

- A) Formación do profesorado.
- B) Información, sensibilización e formación do ANPA.
- C) Coordinación permanente entre os docentes e os técnicos de prevención.
- D) Todas son correctas.

46. Indique a resposta correcta en canto á "avaliación da estrutura " en materia de Calidade:

- A) Avalía o traballo dos profesionais e as actividades realizadas.
- B) É unha medida indirecta da calidade e consta dos elementos seguintes: estrutura física, estrutura da organización e recursos humanos.
- C) Analiza resultados e satisfacción.
- D) Marca os criterios e indicadores.

47. Dentro das precaucións estándar ou de primeiro nivel relacionadas coa hixiene en centros sanitarios están:

- A) Hixiene de mans.
- B) Uso de luvas (limpos, non estériles).
- C) Empregar bata (limpa, non estéril).
- D) Todas as anteriores son precaucións de primeiro nivel.

48. Na fase de maduración dunha ferida o principal evento fisiolóxico que ocorre é:

- A) Recanalización de vasos linfáticos.
- B) Migración de fibroblastos.
- C) Formación de costra.
- D) Epitelización.

49. Cal dos seguintes é un criterio de priorización no método Hanlon?

- A) Magnitude e severidade.
- B) Eficacia da solución.
- C) Factibilidade.
- D) Todas son correctas.

50. Dentro dos factores que determinan que un neonato se considere de alto risco, sinala o incorrecto:

- A) Placenta previa.
- B) Idade xestacional menor de 28 semanas.
- C) Ausencia de controis prenatais.
- D) Peso ao nacer menor de 1000 gr.

51. Cal é a definición correcta da Enfermidade de Legg- Calvé- Perthes?.

- A) Enfermidade infantil con necrose dalgunha epífise vertebral.
- B) Enfermidade infantil que cursa con necrose da cabeza do fémur como consecuencia dunha falta de achega sanguínea. Adoita ser unilateral.
- C) Enfermidade infantil que cursa con necrose do calcáneo e parálise cerebral.
- D) Todas son incorrectas.

52. Cales son as etapas da planificación na Educación para a saúde?:

- A) Análise do problema.
- B) Programación das actividades educativas.
- C) Avaliación.
- D) Todas son correctas.

53. Cales son obxectivos específicos do "Programa Galego para a detección precoz de Enfermidades Endócrinas e Metabólicas" no período neonatal?.

- A) Ofrecer unha cobertura do 100%, é dicir, garantir que todos os neonatos en Galicia teñan acceso á realización das probas do cribado incluídas no programa.
- B) Que no 90 % dos neonatos recóllanse as mostras entre as 48-72 horas de vida.
- C) A e B son incorrectas.
- D) A e B son correctas.

54. Cal dos seguintes tratamentos para a dor é usado con maior frecuencia nas unidades neonatais?:

- A) Paracetamol oral.
- B) Hidrato de Cloral.
- C) Sacarosa 24%.
- D) Midazolan.

55. En que ritmo cardíaco está indicada a descarga eléctrica?

- A) Fibrilación ventricular.
- B) Asistolia.
- C) Taquicardia ventricular sen pulso.
- D) A e C son correctas.

56. Pablo (10 años) acode a consulta acompañado polos seus pais por dor abdominal inespecífica desde hai varios días. A súa nai refire perda de apetito nas dúas últimas semanas con cambios de humor (triste e retraído), actitude de rexeitamento ao ir á escola, négase a asistir ás actividades extraescolares e non quere estar cos seus amigos. Hai 2 días Pablo chegou á casa coa mochila rota e unha ferida no xeonllo. Que tipo de maltrato caracterízase polos signos e síntomas que se expoñen neste caso?:

- A) Síndrome de Alienación Parental.
- B) Síndrome de Munchausen por poderes.
- C) Maltrato entre iguais (Bullying).
- D) Ningunha é correcta.

57. A exploración da cadeira nos controis rutineiros de saúde de atención primaria:

- A) Farase en todos os controis de saúde durante o primeiro ano de vida do lactante ata a deambulación establecida, xa que existe un 35 % de casos de displasia evolutiva de cadeira de diagnóstico tardío.
- B) Só se fai ao recentemente nacido coas manobras de Barlow e Ortolani durante a primeira semana de vida. Despois xa non é valorable ningunha exploración.
- C) A e B son incorrectas.
- D) Na consulta de atención primaria non se explora. Derívase á consulta de traumatoloxía de atención especializada.

58. Á consulta de enfermería de atención primaria acode unha nai co seu fillo de 6 meses que presenta dermatite atópica. Dentro das recomendacións que lle daríamos, non incluíríamos:

- A) Usar roupa de algodón e non lavala con lixivia.
- B) Non frecuentar ambientes fríos.
- C) Baños de curta duración en auga tibia.
- D) Hidratación con emolientes con urea unha ou varias veces ao día.

59. Que aspectos teremos en conta no control de salud dos dez anos?, sinala a incorrecta:

- A) Monitorización de medra.
- B) Relacións intrafamiliares.
- C) Dieta.
- D) A adaptación escolar non é obxecto de atención neste control.

60. Daniel (14 anos) sempre foi un estudante brillante e na avaliación actual suspendeu 7 asignaturas. Irritable, constantemente pedindo cartos. Segundo a súa nai cambiou os seus hábitos e tamén de amigos. Tivo varias faltas na escola e ocasionalmente chegou á casa con aspecto deplorable e ollos vidriosos. Xa non realiza actividades coa familia. Que che suxire o comportamento de Daniel?

- A) Personalidade antisocial.
- B) Presencia de enfermidade psiquiátrica subxacente.
- C) Signos de uso e/ou dependencia de drogas.
- D) Todas son falsas.

61. Na unidade neonatal está ingresado un paciente en estado crítico. Ante unha situación de morte inminente, o persoal de enfermaría realizará as seguintes accións. Sinale a incorrecta:

- A) Manterá unha escoita activa coa familia.
- B) Non se pretenderá acelerar nin atrasar a morte.
- C) Manterá ao paciente nunha situación de confort, realizando contención e aliviando a dor.
- D) Dará esperanza á familia.

62. Con respecto á vacinación dun neno de doce meses que pasa tempadas en zona endémica de Hepatite A, sinale a opción correcta:

- A) Non se pode vacinar por idade.
- B) Non é necesaria a vacinación, non está en risco.
- C) Administranselle dúas doses por vía oral.
- D) Adminstranselle dúas doses separadas por un intervalo de seis meses.

63. En relación á educación para a saúde levada a cabo nun control de saúde, que ferramentas non verbais se empregan?. Sinale a incorrecta:

- A) A kinesia.
- B) A proxemia.
- C) A escoita pasiva.
- D) A crítica construtiva.

64. Imos realizar a canalización dunha vía intravenosa periférica a un paciente de 5 meses, que analxesia empregariamos de primeira elección?:

- A) Paracetamol oral.
- B) Sacarosa 12%.
- C) Leite materno.
- D) Ibuprofeno oral.

65. Cal das seguintes puntuacións do Test de Appgar necesitaría atención urxente con medicación intravenosa e soporte ventilatorio?:

- A) 6.
- B) 8.
- C) 3.
- D) 7.

66. Sinale a resposta incorrecta:

- A) A anorexia reactiva desencadéase ante determinadas persoas ou alimentos.
- B) A anorexia da desteta orixínase ao introducir alimentos sólidos.
- C) A anorexia fisiolóxica preséntase en idades de maior aumento da masa corporal.
- D) Na anorexia por situacións de estrés prodúcese unha alteración do apetito relacionado cos cambios da rutina.

67. Pedro (6 anos), ingresa na planta de escolares para intervención programada de hernia inguinal. Despois de presentarse, a enfermeira acompaña ao neno e aos seus pais á habitación, onde lle explica as medidas de hixiene a levar a cabo. Tras dar un tempo de adaptación, volve para comunicar a Pedro a necesidade de realizar unha extracción de sangue e á vez canalizar unha vía periférica. Que non debe de facer a enfermeira?:

- A) Informar ao neno do que se lle vai facer e a súa necesidade, de forma clara e sinxela para que poida entendela.
- B) Dicir que non lle vai doer, para que o neno se tranquilice.
- C) Promover a participación dos pais como apoio ao neno.
- D) Usar habilidades de comunicación, como o tacto, contacto ocular e unha tranquilidade verbal realista cuxa finalidade sexa reducir a ansiedade do neno xunto coa da familia.

68. Con respecto aos exames de agudeza visual nos controis de saúde:

- A) Utilizárase o optotipo de Wercker para maiores de 6 anos.
- B) Utilizárase o optotipo de Snellen para maiores de 4 anos.
- C) Realizárase o TNO ao ano.
- D) Cover test para descartar hipermetropía.

69. Acode a urxencias un neno de 3 anos de idade por unha convulsión febril no seu domicilio. No ano anterior á data actual tivo un episodio de convulsión tamén por causa febril. Que recomendación/explicación se lle daría aos seus pais?:

- A) A maioría son crises autolimitadas. O pronóstico a longo prazo é bo. Son de natureza benigna, con recorrencia do 30–40 % dos casos.
- B) Para a súa prevención en todos os casos adminístrase diazepam durante a enfermidade febril.
- C) As convulsións febrís son importantes e trátanse como un status epiléptico ou "gran mal".
- D) Todas son falsas.

70. A un neonato que ingresa na unidade neonatal, dentro do protocolo de ingreso, hai que administrarlle a vitamina K. Que patoloxía pode desenvolverse se non a administramos?:

- A) Poliglobulia.
- B) Enfermidade hemorráxica.
- C) Anemia inmuno-hemolítica.
- D) Feocromocitoma.

71. Cal é a frecuencia respiratoria dun neonato sán?:

- A) 16–18 rpm.
- B) 67–69 rpm.
- C) 40–60 rpm.
- D) 30–40 rpm.

72. Na Planta de Hospitalización ingresa unha nena de 5 anos de idade cunha crise/ exacerbación de asma. Utilizaba inhaladores no seu domicilio para o control da súa asma. Hai que reforzar a educación sanitaria en canto ao uso de inhaladores. Sinale a falsa:

- A) Utilizará sistema presurizado sempre con cámara espazadora.
- B) Aplicará 1 puff, respirando a través da cámara 4–5 veces de forma profunda e selando ben a embocadura da cámara coa boca.
- C) A esa idade non é necesario utilizar a cámara espazadora para o inhalador presurizado.
- D) Lavará os dentes e/ou enxugará a boca despois de utilizar inhaladores.

73. Aldara (9 anos) con síndrome de Down, acode a consulta de AP para realizar un control de saúde. Que actitude non debería ter o equipo de saúde en relación con Aldara?:

- A) Falar de forma natural e sinxela, explicando ao seu nivel o que imos facer, respondendo ás súas preguntas e asegurarnos do que comprendeu.
- B) Limitar a axuda ao necesario, procurando que se desenvolva soa, aínda que facéndonos visibles.
- C) Favorecer un tempo de adaptación e mostrar paciencia.
- D) Debemos protexer a Aldara en todo momento, a lei de dependencia así nolo esixe. Non deixaremos que se ispa soa, nin que suba á padiola, xa que podería caer e é un risco innecesario. Estaremos hiperalerta ás demandas da nena.

74. Ao Hospital de Día Pediátrico acode cada semana unha nena de 4 anos que porta un catéter implantable (reservorio). Cales serían os cuidados de enfermaría a ter en conta?:

- A) Manipularase con máximas condicións de asepsia.
- B) Aplicar anestésico tópico 30–60 minutos antes da punción do reservorio.
- C) Tras a limpeza e desinfección da zona de punción, introdúcese a agulla a través da pel de forma perpendicular ao reservorio, e pídeselle á nena que inspire previamente á punción.
- D) Todas son accións correctas.

75. Ante un recentemente nado diagnosticado de toxoplasmosis conxénita, sería unha Enfermidade de Declaración Obrigatoria?:

- A) Non.
- B) Si, se hai afectación importante do recentemente nado.
- C) Si, sería de declaración de modo rutineiro en ámbito hospitalario.
- D) Todas son falsas.

76. Á consulta de atención primaria chega un lactante de 5 meses de idade coa seguinte clínica: vómitos persistentes de máis de 12 horas de evolución, dor abdominal importante e signos de deshidratación. Sería necesaria a derivación ao hospital?:

- A) Non é necesario. Só sería necesaria observación no centro de saúde durante unhas horas.
- B) Derívaselle ao seu domicilio, sendo necesaria observación pola súa familia. Se a situación cambiase, volverían ao centro de saúde.
- C) Si, porque cumpre criterios de derivación hospitalaria.
- D) Ningunha acción é a correcta.

77. Juan (14 anos) é ingresado no servizo de pediatría por un proceso febril. A pesar de ter sido informado da conveniencia de permanecer no centro hospitalario, Juan solicita a alta voluntaria en contra da vontade dos seus pais. Indique a resposta correcta:

- A) Juan é menor, polo cal non pode solicitar a alta voluntaria.
- B) A Lei 41/2002, de 14 de novembro, de autonomía do paciente, establece a maioría de idade médica aos 14 anos.
- C) A Lei de autonomía do paciente dispón que se o menor ten 12 anos e é considerado capaz e emocionalmente preparado para comprender o proceso, escoitarase a súa motivación, aínda que a decisión final será tomada polos pais.
- D) Todas son correctas.

78. Chega a urxencias unha nena de 4 anos de idade alérxica ao ovo. Tomou nun restaurante un anaco de polo rebozado en ovo (por erro, ao pensar que o rebozaran en leite). Presenta á súa chegada a urxencias eritema en boca, en beizos e comechón de gorxa. Aos 5 minutos da súa chegada, empeza con tose e auscultación pulmonar suxestiva de broncoespasmo. O pediatra pauta adrenalina 0,3 mg. intramuscular. Como actuaría vostede?:

- A) Adminístraselle a adrenalina no músculo vasto externo.
- B) Adminístraselle a adrenalina subcutánea no brazo.
- C) É un erro na pauta. O tratamento é antihistamínico oral e salbutamol inhalado.
- D) Todas son falsas.

79. Ante unha familia que acode á consulta e coméntanos que a súa filla de 13 anos só toma alimentos precocinados e enlatados, faino ocultándose dos demais, con variacións frecuentes do peso (entre os 5 kg ou máis). De que trastorno da conduta alimentaria debemos sospeitar?:

- A) A paciente sofre anorexia nerviosa.
- B) A paciente segue unha dieta hiperproteica.
- C) A paciente sofre bulimia nerviosa.
- D) A paciente está facendo dieta.

80. Ana (7 anos) acode a consulta acompañada polos seus pais para realizar un control de saúde. Na exploración vemos botón mamario e pelo púbico non encrechado en labios maiores. Según a escala de Tanner, que estadio de desenvolvemento puberal presenta Ana?:

- A) Estadio I.
- B) Estadio II.
- C) Estadio III.
- D) Estadio IV.

81. Se vostede é supervisora nunha unidade obstétrica dun hospital con proxecto IHAN (Iniciativa Hospital Amigo dos Nenos) atendendo a recentemente nados sans, que actuacións realizaría?:

- A) Asegurar que exista unha política por escrito relativa á lactación materna coñecida por todo o persoal.
- B) Capacitar ó persoal para levar a cabo esa política.
- C) Facilitar a cohabitación nai e fillo 24 horas do día.
- D) Todas son correctas.

82. Logo de notificar en SINASP a caída dun paciente durante a queda de traballo, sinala a resposta incorrecta:

- A) O profesional que fai a notificación manterá a súa confidencialidade no sistema.
- B) Desde a Dirección de Enfermería chaman á persoa responsable do paciente para preguntar polo ocorrido.
- C) Os profesionais que ven o incidente están obrigados a realizar a notificación en SINASP.
- D) As notificacións de incidentes serven para realizar estatísticas de incidentes relacionados coa Seguridade do Paciente.

83. Os pais dun neno que acaba de ser diagnosticado dunha enfermidade oncolóxica terminal, acoden á consulta para solicitar un control de saúde do neno. Na súa actitude apréciase unha indiferencia respecto ao diagnóstico do seu fillo, continuando cos seus plans habituais e preparando as súas vacacións programadas para dentro de 2 meses. Sinala a fase na que se incluírían (E. Kubler Ross):

- A) Negociación.
- B) Aceptación.
- C) Depresión.
- D) Negación.

84. Etapas que integran o método científico. Sinala a incorrecta:

- A) Ideación dun problema.
- B) Formulación dunha hipótese.
- C) Recollida e análise de datos.
- D) Confirmación ou rexeitamento da hipótese.

85. Adolescente de 13 anos diagnosticado de enfermidade celíaca. Acode á consulta acompañado da súa nai que refire a transgresión da dieta polo seu fillo nos dous últimos meses. Cal das seguintes accións non facilita a relación do/a enfermeiro/a co adolescente?

- A) Falar claro.
- B) Ser empático.
- C) Negociar.
- D) Xulgar.

86. Ten ingresado na Unidade de Neonatoloxía un recentemente nado de 48 horas de vida. Que acción/recomendación sería a correcta en canto á recollida de mostras para o cribado endócrino-metabólico?:

- A) Para a mostra de sangue, non poden quedar restos de alcol/clorhexidina na pel antes de picar coa lanceta.
- B) Non é necesario impregnar todos os círculos do papel. Sería suficiente con 2 círculos.
- C) A mostra obterase da liña media do talón.
- D) Todas as accións anteriores son incorrectas.

87. Unha nena presenta un Tanner III, en que momento do desenvolvemento se atopa?:

- A) Peito adulto, aréola non sobreelevada. Lanuxe pubiana zona medial da coxa.
- B) Botón mamario, pelo pubiano non rizo, escaso nos labios maiores.
- C) Aumento e elevación do peito e aréola. Lanuxe pubiana riza, groso e escuro sobre pube.
- D) Aréola e mamila sobreelevada sobre mama. Lanuxe pubiana tipo adulto non sobre coxas.

88. A un neonato ingresado na unidade neonatal por sufrimento fetal témoslle que realizar a toma de mostras para cribado de enfermidades endócrinas e metabólicas. Sinale a resposta correcta:

- A) Ás 48 horas de vida.
- B) Ás 36 horas de vida.
- C) Aos 3 días de vida.
- D) Realízanse despois de recibir, cando menos, 48 horas de alimentación enteral.

89. No estudo serolóxico dunha nena de catorce anos obsérvanse títulos non protectores fronte a hepatite B, confirmando que están documentadas as vacinas pertinentes según o calendario vixente, como procederíamos?:

- A) Iníciase unha pauta completa de vacinación (tres doses).
- B) Adminístrase unha dose e se realiza seroloxía en catro-oito semanas, se vira a títulos protectores, dáse por completada a vacinación deixando constancia na historia clínica.
- C) Adminístrase unha dose e dáse por completada a vacinación.
- D) Adminístranse dúas doses separadas cun intervalo de seis meses.

90. Menor (7 anos) que acode á consulta coa súa nai. Hixiene deficitaria, sobrepeso, vestimenta inadecuada, con historia clínica de varios accidentes no fogar. Falta de asistencia a controis de saúde. Que tipo de maltrato suxirenlle os indicadores mencionados?:

- A) Neglixencia.
- B) Físico.
- C) Sexual.
- D) Maltrato entre iguais.

91. Que manifestación non se encontra na insuficiencia renal aguda?

- A) Oliguria.
- B) Alcalose respiratoria.
- C) Edema
- D) Letargo, confusión.

92. Se ten un paciente con illamento inverso ou protector, sinale a opción correcta en canto á información aos familiares e visitas:

- A) Nunca recibirá visitas.
- B) As visitas estarán restrinxidas ou moi controladas e o persoal explicará antes de entrar na habitación as precaucións para ter en conta.
- C) Poderá recibir visitas doutros pacientes.
- D) Todas as anteriores son incorrectas.

93. En Ourense, se de 1000 pacientes con hipertensión 60 desenvolveron unha cardiopatía isquémica despois dun ano de seguimento, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) A prevalencia é do 6%.
- B) A incidencia é do 6%.
- C) A incidencia é do 60%.
- D) O risco relativo é do 6%.

94. En relación ás recomendacións dadas aos pais dun neno diabético non incluíríamos:

- A) Contactar con asociacións de apoio para pacientes diabéticos.
- B) Reducir ao mínimo os períodos de non escolarización.
- C) Restringir prácticas deportivas.
- D) Promover actitudes positivas.

95. Con respecto ao índice de trauma pediátrico (ITP), sinala a opción incorrecta:

- A) Valora cinco ítems.
- B) As puntuacións outorgadas son +2,+1,-1.
- C) A puntuación pode oscilar entre -6 e +12, tendo mellor prognóstico canto maior sexa.
- D) Considera tres compoñentes anatómicos e tres funcionais.

96. Á nosa consulta acode unha nai co seu fillo de 15 días de vida. Dentro das recomendacións de alimentación, sinala a resposta incorrecta:

- A) A lactación materna exclusiva é o alimento de elección ata os 6 meses.
- B) O neno aleítarase cada 2 horas.
- C) Antes de dar leite de fórmula, valoraremos conxuntamente outras opcións.
- D) Co paso do tempo, as tomas faranse máis curtas e menos frecuentes.

97. Un lactante de 7 meses de idade acode á súa consulta diagnosticado de varicela. Cales serían as recomendacións que lles daría aos seus pais?:

- A) Administrar ácido acetilsalicílico en lugar de paracetamol.
- B) Aplicar baños a remollo durante longo tempo e fregar a pel vigorosamente.
- C) Non fai falta ningunha precaución no contacto con mulleres embarazadas.
- D) Ningunha das anteriores son recomendacións adecuadas en canto á varicela.

98. María de 13 anos de idade está de vacacións en Vigo e necesita acudir ao servizo de urxencias por unha dor lumbar. Sinala a resposta correcta:

- A) Volverá ao seu lugar de residencia habitual e acudirá ao seu centro de saúde.
- B) Acudirá a un hospital privado que hai á beira do seu hotel xa que non lle supoñerá custo algún.
- C) Acudirá a un centro de Atención Primaria do Sergas onde poidan facerlle unha valoración médica.
- D) No hospital privado daránlle unha factura pola atención recibida que lle abonarán no Sergas.

99. Unha nena de seis anos acode a control de saúde e no seu calendario de vacinación consta unha soa vacina de Meningococo C administrada aos 13 meses de idade. Sinala a afirmación correcta:

- A) Administraráselle a dTpa que corresponde por idade.
- B) Administraráselle dTpa e unha dose de Meningococo C no mesmo acto vacinal.
- C) Administraráselle dTpa e catro semanas despois unha dose de Meningococo C.
- D) Administraráselle a dTpa e seis meses despois unha dose de Meningococo C.

100. Ten ingresado na UCI Neonatal un recentemente nado de 15 días de vida e idade xestacional ao nacemento de 34 semanas, ao que lle vai facer a oftalmóloga un exame de fondo de ollo. Para o cal vostede:

- A) Non ten que facer nada. Non necesita preparación.
- B) Se lle dará a toma de biberón e/o peito xusto antes e durante a exploración.
- C) Ao administrar o colirio midriático sobre ambos sacos conxuntivais inferiores, comprímense os condutos lacrimais durante a instilación e uns segundos tras a mesma, para evitar os efectos secundarios sistémicos destes fármacos. Esta acción realizarase cada vez que se repita a instilación.
- D) Todas son incorrectas.

101. Adolescente de 14 anos que chega a urxencias do hospital por intento de suicidio con inxesta de alcohol e tramadol. Que antídoto para a inxesta de tramadol habería que administrarlle?:

- A) Etanol.
- B) Flumacenilo.
- C) Anexate.
- D) Naloxona.

102. En canto ás intervencións preventivas na obesidade, sinale a resposta incorrecta:

- A) En nenos alimentados con leite de fórmula fomentar o abandono do biberón ao redor dos doce meses e incentivar a mastigación.
- B) Premiar con comida.
- C) Comer en compañía.
- D) Alertar sobre dietas milagre en adolescentes.

103. Adolescente (15 anos) fumador desde os 13, que acode a consulta de AP. Tras ser aconsellado para que inicie a súa deshabitación, responde con evasivas, sen recoñecer o dano actual e futuro do tabaco. En qué etapa se clasificaría segundo o modelo de Proxheska e Di Clemente?:

- A) Preparación.
- B) Contemplación.
- C) Precontemplación.
- D) Acción.

104. No control de saúde dos 6 meses, á nai de Pedro recomendámoslle alimentación complementaria:

- A) Introducir froitas, carnes e verduras paulatinamente, en pequenas cantidades, separadas unhas das outras.
- B) Dar de comer con culler ou vaso.
- C) Mellor dar alimentos caseiros que industriais.
- D) Todas son correctas.

105. Á consulta de atención primaria chega unha nena de 8 anos de idade alérxica ao ovo e asmática. A nai está preocupada porque o seu pediatra de atención primaria recomendoulle poñer por primeira vez a vacina antigripal. A nena fixo unha reacción anafiláctica hai 2 anos tras inxesta accidental dunha masa de biscoito crúa que levaba ovo. Que actitude/recomendación seguiría vostede?:

A) Non se pode vacinar.

B) Pódese vacinar en atención primaria tanto se houbo anafilaxia previa con vacina antigripal ou non.

C) Se se considera que a vacinación é necesaria, débese administrar previa valoración dun alergólogo ou alergólogo pediatra, nun centro hospitalario cos medios adecuados para o tratamento dunha posible reacción anafiláctica.

D) Todas as anteriores son falsas.

106. Irene (5 anos), múltiples visitas ao servizo de urxencias. Presenta un cadro de signos e síntomas confusos persistentes e repetitivos que so aparecen cando a nai a acompaña. En ausencia desta, Irene está tranquila, xogando sen nada que evidencie patoloxía. Exploración e probas complementarias anodinas. As manifestacións clínicas non concordan coa historia. Súa nai é moi amable e colaboradora co persoal. Sinale a resposta que se axuste ao caso descrito:

- A) Maltrato entre iguais.
- B) Síndrome de sobreprotección.
- C) Síndrome de alienación parental.
- D) Síndrome de Munchausen.

107. Ao facer unha espirometría a unha nena de 8 anos, que actuación sería a correcta en canto ao espirómetro?:

- A) Non necesita filtro porque é un paciente pediátrico.
- B) Entre un paciente e outro, cambiar e mergullar todas as pezas do espirómetro en líquido encimático desinfectante.
- C) Cambiar o filtro entre un paciente e outro, sendo os filtros estériles e dun só uso.
- D) Pódese usar o mesmo filtro para dous pacientes, se non teñen gripe.

108. Ingesa en Urxencias un neno de 6 anos de idade cunha crise convulsiva. A determinación de glicemia capilar é unha actuación:

- A) Non é necesario valorar glucemias en crises convulsivas.
- B) Si é necesario valorar glucemias en crises convulsivas, unha vez se estabilizou a vía aérea (ABC da Reanimación cardiopulmonar).
- C) É a primeira medida, mesmo antes da RCP.
- D) Ningunha é correcta.

109. Na elaboración dun estudo científico utilizamos índices, enciclopedias, revistas... Que tipo de fontes son?:

- A) Fontes primarias.
- B) Fontes secundarias.
- C) Fontes terciarias.
- D) Non son fontes.

110. Sinale a resposta incorrecta respecto ao período neonatal:

- A) As habilidades motoras están máis desenvolvidas que as funcións perceptivas.
- B) O neonato move os ollos cara ao son.
- C) Os sons bruscos provocan o reflexo do sobresalto e cambios no ritmo respiratorio.
- D) O neonato pode ver desde o nacemento.